



BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN (CONCURSO MÉRITOS, TEST ESCRITO E PROBA PRÁCTICA) PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACION **ata o 22 de outubro ANUALIDADE 2025 E 3 MESES ANUALIDADE 2026** E A XORANDA COMPLETA DE 1 PEÓN, e ampliación **DA BOLSA DE REVERSA CO MESMO PERIODO DE VIXENCIA (ANUALIDADES 2025-2026)**.AO ABEIRO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL CONCELLO DE TABOADA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA (PEPAC) 2023-2027 ASINADO EN DATA 25 DE ABRIL DE 2025.

## Primeira: Obxecto da convocatoria e Normas xerais.

O obxecto das presentes bases é regular por unha banda a contratación laboral de duración **ata o 22 de outubro ANUALIDADE 2025 E 3 MESES ANUALIDADE 2026 1 PEÓN**, para a brigada de extinción de incendios no marco do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL CONCELLO DE TABOADA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANOS 2025-2026, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA (PEPAC) 2023-2027 ASINADO EN DATA 25 DE ABRIL DE 2025.

O ámbito de actuación será o municipal e intégranse no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal ao que pertence o municipio de Taboada. A actuación da brigada e do VMB priorizará a de extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do termo municipal de Taboada, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

Durante cada un dos meses de vixencia do contrato, os traballadores han de contar con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias. As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que





se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado e o previsto no Real Decreto-Lei 32/2021.

A modalidade do contrato de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos.

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada e na súa páxina web [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es).

## Segunda: Funcións a desempeñar:

### A) Para a brigada 1 peón.

Serán Funcións a desempeñar por o contratado/a as establecidas no Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Taboada para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais mediante a actuación de **unha brigada de cinco compoñentes**.

## Terceira: Modalidade e duración do contrato.

- A modalidade do contrato é **obra ou servizo determinado**
- A xornada de traballo será de **40 horas semanais, de luns a domingo**. Os traballos a realizar son a **quendas, incluídos sábados, domingos e festivos**.
- Duración do contrato: **3 meses**.
- Retribucións peón : 1.381,33 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

## Cuarta: Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España





cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta;

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

e) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

**PEÓN:** certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarse ao título a súa tradución xurada. Celga 2, equivalente ou superior

## Quinta: Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello en horario de oficina ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de **3 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Lugo. O anuncio publicarase tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación anexa a estas Bases. Anexo II.
- b) Fotocopia de DNI.





- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Titulación a cal da acceso á convocatoria ou copia do carné de conducir que sexa necesario para o acceso á convocatoria.
- e) Certificado celga especificado para cada praza..
- f) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente. Poderá seguirse o modelo proposto como Anexo III.
- h) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións. . Poderá seguirse o modelo proposto como Anexo III.

A compulsa da anterior documentación deberaa facer o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

## **Sexta: Admisión de candidatos.**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, e concederá un prazo de **un (1) día hábil** para os efectos de reclamacións ou emendas de erros.

### **No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.**

As reclamacións, se as houber, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou das probas, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello.





## Sétima: Tribunal Cualificador.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos sete anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## Oitava. Desenrolo do Proceso selectivo.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do concurso-oposición aqueles que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

Se en calquera momento do proceso de selección chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na presente convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer a súa exclusión ao Presidente da





Corporación, indicando as inexactitudes formuladas polo aspirante na solicitude de admisión a esta oposición libre, aos efectos procedentes.

## **Novena: Procedemento e criterios de selección.**

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante CONCURSO-OPOSICIÓN (CONCURSO MÉRITOS, TEST ESCRITO E PROBA ORAL).

### **1. FASE DE OPOSICIÓN 15 PUNTOS**

Consistirá na realización de dous exercicios que puntuarán como máximo **15 puntos**, sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio. Ademais os candidatos que non acrediten estar en posesión do Celga requirido en cada praza deberán superar unha proba de galego.

**O Primeiro exercicio** consistirá en contestar por escrito a un exame tipo test de 20 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 0,50 puntos, sendo necesario acadar unha **puntuación mínima de 4,00 puntos** para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total. **Puntuará como máximo 10 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen:

- no Anexo I para peón das presentes Bases.

**O Segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e /ou teórico prácticos propostos polo tribunal. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha **puntuación mínima de 2,00 puntos para superar** a proba. **Puntuará como máximo 5 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen:

- no Anexo I peón das presentes Bases.

### **Proba de galego:**

Será obrigatorio a superación dun terceiro exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de **Celga requirido para cada praza**, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga requirido para cada praza, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo





que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de **apto**.

## 2. FASE DE CONCURSO (10 PUNTOS)

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar as solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

**Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.**

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

### 2.1. VALORACIÓN DE MÉRITOS

A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

#### 2.1.1- MÉRITOS ESPECÍFICOS PEÓN.

**I .Por experiencia profesional:** traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 5 puntos)

a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios: 0'20 puntos/mes.

b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios na empresa privada: 0'15 puntos/mes.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa





privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. **Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixiancia e loita contra incendios.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

**II. Formación previa.** cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria. (Ata un máximo de **4 puntos**).

Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

**A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.**

**III. Por estar en posesión do carné de conducir B:.....0,50 puntos para peón.**

**IV. Por ser voluntario activo dunha agrupación de Protección Civil debidamente acreditado:.....0,50 puntos.**

Acreditarase mediante copia autenticada do permiso en vigor.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

### 3. **PROBA DE APTITUDE FÍSICA**

**Exercicio: proba de aptitude física (carácter eliminatorio):**





O **persoal seleccionado, previamente á súa contratación**, deberá realizar un **recoñecemento médico e unha proba física de esforzo** para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de TABOADA para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. **É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico.**

Tamén se terá que realizar un **Curso teórico-práctico de 16 horas** de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano.

## Décima. Cualificación

A fase de concurso ten unha puntuación máxima de 10 puntos.

A fase de oposición ten unha puntuación máxima de 15 puntos, sendo necesario obter un 6 para superala.

A cualificación final está composta pola puntuación acadada na fase de concurso máis a puntuación acadada polos aspirantes que superan a fase de oposición( aqueles que obteñan un 6 ou máis de 6).

Os candidatos que non superen a fase de oposición resultarán directamente Non Aptos.

No caso de empate:

Realizarase unha entrevista persoal curricular.

## Décima primeira. Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

## Décima segunda: Bolsa de reserva.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra





nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. **A duración desta bolsa será solo por ata o 22 de outubro ANUALIDADE 2025 E 3 MESES ANUALIDADE 2026** contados dende o día en que os integrantes da Brigada ou os condutores estean operativos para dar cumprimento o Convenio sinalado na cláusula primeira.

## Décima segunda. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no diario La Voz de Galicia

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Taboada.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

## Décima Terceira. Protección de datos

En cumprimento da obrigaón prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

### 1.- DATOS DO RESPONSABLE

**Identidade do responsable do tratamento:**





# Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: [concello.taboada@eidolocal.es](mailto:concello.taboada@eidolocal.es)

CONCELLO DE TABOADA, provisto de CIF P2706000C

Domicilio en Praza Xeneral Muínelo, 27550 Taboada, Lugo

Teléfono: [982 46 53 01](tel:982465301)

Correo electrónico: [secretaria@concellotaboada.es](mailto:secretaria@concellotaboada.es)

## 2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

- Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico
- Datos académicos
- Datos profesionais de experiencia laboral

## 3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

## 4.- LEXITIMACIÓN

### Base Xurídica do tratamento

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Taboada. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

## 5.- DESTINATARIOS

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigação legal.





## 6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Taboada ou por correo electrónico a [secretaria@concellotaboada.es](mailto:secretaria@concellotaboada.es)

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñécenlle.

En Taboada na data da sinatura electrónica

O Alcalde,

Roi Rigueira Agromartín.

## ANEXO I

### Temario.

**Tema 1.-** Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

**Tema 2.-** Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

**Tema 3.-** O marco da transparencia na administración local.

**Tema 4.-** Conceptos fundamentais da administración electrónica.

**Tema 5.-** O municipio de Taboada. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do Municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

**Tema 6.-** Materiais, útiles e ferramentas utilizadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

**Tema 7.-** Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

**Tema 8.-** O incendio forestal. Traballo en Incendios Forestais

**Tema 9.-** O Pladiga.

**Tema 10.-** Radiocomunicacións nos incendios forestais. Estrutura organizativa. Canles dunha emisora. Sistemática da comunicación. Manexo e mantemento dos equipos de comunicación.

**Tema 11.-** Xerarquía dentro do distrito forestal

**Tema 12.-** Funcións do peón na prevención e defensa contra incendios forestais.





# Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89  
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

## ANEXO II

### CONCELLO DE TABOADA

#### I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN: .....

#### II.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO: que son coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza de .....

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

#### V.- SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de ditos postos, para o que presento e asino a presente solicitude.

Taboada, ..... de ..... de 2025.

(Asinado)

Xuntanse os seguintes documentos

.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).

Cod. Validación: 3MSZG6CFG9TD3YPGKZXYF74  
Corrección: https://taboada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 14





# Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n  
27.550 Taboada - Lugo  
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46  
50 89  
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

## ANEXO III.

### DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Don/a.....con  
dni.....

#### Declaración baixo xuramento:

**Primeiro:** non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparme incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

**Segundo:** non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das funcións de -----.

Taboada , a ..... de.....de.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO).

